

**Adaptación das  
Normas de Organización e Funcionamento (NOF)  
do IES Escolas Proval  
como consecuencia da Covid-19**



## Preámbulo Exposición de motivos

O presente documento xorde como cumprimento ao mandato normativo contido na *Resolución da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se ditan instrucións para a elaboración de horarios nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021 para o desenvolvemento de ensino a distancia en períodos de peche de aulas ou centros como consecuencia da pandemia da COVID-19*, que, no seu Artigo 3º, establece que *a dirección do centro deberá realizar, á maior brevidade posible, a adaptación das Normas de Organización e Funcionamento (NOF) para o desenvolvemento do actividade de ensino-aprendizaxe no ensino a distancia a fin de acadar un clima escolar idóneo que facilite o logro dos obxectivos educativos e o éxito escolar.*

En relación coa normativa disposta no parágrafo anterior, e tamén coa regulación contida no *Plan de Adaptación á Situación Covid-19* e ao *Plan de Continxencia* do IES Escolas Proval, as disposicións seguintes, organizadas ou sistematizadas como *puntos*, tratan de establecer unha formulación das posibles condutas reprobables e a tipificación prevista para cada unha delas, co obxecto de delimitar a gradación da responsabilidade polas actuacións reprobadas, os criterios de interpretación da gravidade das condutas, as normas supletorias aplicables e os órganos competentes para a aplicación desta normativa.

### Punto 1.- Delimitación de condutas e tipificación das mesmas.

#### Condutas contra as medidas xerais de protección individual:

CONDUTA	LEVE	GRAVE
-Non respectar a distancia interpersonal de polo menos 1.5 metros	XXXXXXXXX	
-Non respectar a obriga de uso da máscara no centro e/ou da obriga de levar unha segunda máscara de recambio e un estoxo específico para gardalas en caso necesario	XXXXXXXXX	
-Non respectar as normas que indican o correcto uso da máscara, o xeito de poñela e sacala, e de ser o caso de gardala nos momentos oportunos.	XXXXXXXXX	
-Non respectar a obriga de extremar o coidado coa hixiene das mans, seguindo as indicacións establecidas no Protocolo.	XXXXXXXXX	
-Non respectar a obriga de extremar o coidado coa hixiene das mans logo do uso de material compartido.		XXXXXXXXX
-Ocupar indebidamente e/ou sen permiso dun docente un pupitre ou un espazo na aula que non fora previamente asignado.		XXXXXXXXX
-Abrir ou pechar portas, ventás ou persianas sen autorización dun docente.		XXXXXXXXX
-Non respectar a orde e a dilixencia -de xeito continuo, de un en un e mantendo a distancia de 1,5 metros- nos cambios de clase nas materias específicas.	XXXXXXXXX	
-Non respectar a orde -en ringleira, de un en un e gardando a distancia de seguridade- antes da chegada do profesor, no suposto de cambio de aula.	XXXXXXXXX	
-Non respectar a obriga de esperar a que se baleire a aula do alumnado que a ocupara anteriormente.		XXXXXXXXX
-Non respectar a obriga de hixienizar cadeiras e pupitres logo ou antes do seu uso.		XXXXXXXXX

### Condutas contra as medidas de carácter organizativo:

CONDUTA	LEVE	GRAVE
-Non respectar a porta de acceso -entradas e saídas- ao centro determinada para o seu curso e nivel.		XXXXXXXX
-Non respectar a obriga de acceder inmediatamente ao centro logo da chegada do alumnado ao mesmo transportado polos pais ou por si mesmo.		XXXXXXXX
-Non respectar os sinais do centro, especialmente as direccións obrigatorias para o tránsito.	XXXXXXXX	
-Para o alumnado transportado en vehículo particular: non respectar a prioridade de entrada e saída dos autobuses escolares.		XXXXXXXX
-Non respectar a obriga de permanecer nos espazos asignados a cada curso/grupo dentro do recinto escolar durante os períodos de garda por ausencia dun docente.		XXXXXXXX

### Condutas contra as medidas relativas ao transporte escolar:

CONDUTA	LEVE	GRAVE
-Non respectar a obriga de acceder inmediatamente ao centro logo da chegada do alumnado ao mesmo transportado polo bus escolar.		XXXXXXXX
-Non respectar a prohibición de permanecer nas dársenas do transporte escolar logo da chegada do bus ao centro.		XXXXXXXX
-Non respectar a praza de autobus que ten asignada.		XXXXXXXX
-Utilizar o transporte escolar sin autorización previa.		XXXXXXXX
-Cambiar, sin autorización, de liña de autobús.		XXXXXXXX

### Condutas contra as medidas especiais para os recreos:

CONDUTA	LEVE	GRAVE
-Non respectar a obriga de permanecer nos espazos e divisións asignados a cada curso/grupo -"grupo de recreo"- dentro do recinto escolar durante os recreos.		XXXXXXXX
-Non respectar a obriga de incorporación inmediata á aula ao remate do recreo.	XXXXXXXX	
-Non respectar as medidas xerais de protección individual e social durante os recreos nos que determinados grupos deban permanecer na aula.		XXXXXXXX
-Non respectar as medidas establecidas para o uso dos aseos e a limitación xenérica do aforo -non superior a un terzo-.		XXXXXXXX

### Condutas contra as medidas xerais adoptadas para o ensino telemático:

CONDUTA	LEVE	GRAVE
-A inasistencia ás clases telemáticas sen xustificación.	XXXXXXXX	
-Non presentar as tarefas ou traballos solicitados polo equipo docente.	XXXXXXXX	
-O uso inadecuado da mensaxería da Aula Virtual.	XXXXXXXX	
-O uso da mensaxería e demais recursos da Aula Virtual cando teña por obxecto a comisión de condutas tipificadas como graves na Lei 4/2011, do 30		XXXXXXXX

de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa e no Decreto 8/2015 que a desenvolve.		
-Non respectar as normas de comportamento dixital - <i>Netiqueta</i> - contidas no Anexo II do Plan de Continxencia do IES Escolas Proval	XXXXXXXXXX	
-O uso fraudulento da Aula Virtual -suplantación de personalidade, axudas de persoas alleas ao curso, facilitación de entrada á AV a terceiros,...-		XXXXXXXXXX

## Punto 2.- Delimitación da gradación na tipificación de condutas.

**2.1.-** A reiteración na comisión de condutas, previamente comunicadas, levemente contrarias á convivencia no centro terá a consideración de grave.

**2.2.-** Terá a consideración de grave a acumulación de máis dunha conduta levemente contraria á convivencia no centro.

## Punto 3.- Normativa aplicable ás condutas tipificadas no punto 1.

A dirección do centro aplicará as previsións dos artigos 34, 38 e 42 do Decreto 8/2015 para analizar as circunstancias das condutas realizadas e graduar a tipificación das mesmas.

### Artigo 34. Gradación das medidas correctoras

Para a gradación das medidas correctoras previstas nos artigos 39 e 43 deste decreto tomaranse en consideración especialmente os seguintes criterios:

- O recoñecemento espontáneo do carácter incorrecto da conduta e, de ser o caso, o cumprimento igualmente espontáneo da obriga de reparar os danos producidos.
- A existencia de intencionalidade ou reiteración nas condutas.
- A difusión por calquera medio, incluídos os electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos, da conduta, as súas imaxes ou a ofensa.
- A natureza dos prexuízos causados.
- O carácter especialmente vulnerable da vítima da conduta, de tratarse dunha alumna ou dun alumno, en razón da súa idade, da recente incorporación ao centro ou calquera outra circunstancia que se considere propiciadora desta vulnerabilidade.

### Artigo 38. Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia

Son condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes as que se enumeran a continuación:

- As agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.
- Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación e identidade sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.
- A gravación, manipulación ou difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.
- As actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28 da Lei 4/2011.
- A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.
- Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipamentos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.
- Os actos inxustificadas que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.
- As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro ou a incitación a elas.
- Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou negativa a entregar os obxectos a que se refire o punto terceiro do artigo 11 da Lei 4/2011 cando é requirido para iso polo profesorado.
- A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.
- O incumprimento das sancións impostas.

### Artigo 42. Condutas leves contrarias á convivencia

Son condutas leves contrarias á convivencia as que se enumeran a continuación:

- As condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa na alínea a), os actos de discriminación da alínea b), os actos de indisciplina da alínea c), os danos da alínea g), os actos inxustificadas da alínea h) e as actuacións prexudiciais descritas na alínea i) do artigo 15 da Lei 4/2011 que non alcancen a gravidade requirida no dito precepto.
- Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro que sexa perigoso para a saúde ou integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa, ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constitúa conduta gravemente prexudicial para a convivencia de acordo coa alínea j) do artigo 15 da Lei 4/2011.
- A falta de asistencia inxustificada á clase e as faltas reiteradas de puntualidade, nos termos establecidos polas normas de convivencia de cada centro.
- A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento precisos para participar activamente no desenvolvemento das clases.
- As demais condutas que se tipifiquen como tales nas normas de convivencia de cada centro docente.

#### **Punto 4.- Normativa aplicable para a sanción das condutas.**

A dirección do centro o, no seu caso, a persoa designada para a instrución dos expedientes abertos por incumprimento das obrigas consignadas no Punto 1 deste documento, aplicarán os artigos 39, para as condutas gravemente prexudiciais, e 43, para as condutas leves contrarias á convivencia, do Decreto 8/2015.

#### **Punto 5.- Órganos con competencia para a sanción das condutas.**

**5. 1.-** O director do centro nas condutas tipificadas como levemente prexudiciais para a convivencia nesta Addenda.

**5. 2.-** O director do centro nas condutas tipificadas como graves neste documento que, logo da valoración polo equipo directivo coa colaboración, de selo caso, doutros profesionais do centro -profesorado, titorías, Orientación,...- non revestiran a gravidade suficiente para a apertura de expediente.

**5. 3.-** As condutas tipificadas como gravemente prexudiciais deberán ser comunicadas á Comisión de Convivencia do Consello Escolar e sancionadas logo da instrución de expediente sancionador.

**5. 4.-** A Comisión de Convivencia decidirá, nas condutas tipificadas como gravemente prexudiciais para a convivencia por inobservancia das normas de protección ante o Covid-19, a apertura de expediente sancionador, segundo a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.